PROXECTO LECTOR

Introdución:

O Proxecto Lector do IES Terra de Turonio vense formando e transformando dende o mesmo momento en que se crea o centro e comezamos a desenvolver a actividade docente que lle é propia e a que lle son inherentes moitas prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
A biblioteca sempre existiu como espazo propio e pouco e pouco foi crecendo en fondos, organización e recursos materiais e humanos a medida que tamén creceron en torno a ela as actividades de dinamización e de formación de usuarios.
O noso proxecto pois foi desenvolvéndose durante estes anos animado tamén polas distintas convocatorias de plans de mellora de bibliotecas, de clubs de lectura e de orzamentos específicos, así como pola xeral preocupación existente na comunidade educativa e a sociedade en xeral pola débil competencia lectora no noso contorno, habida conta ademais dos novos retos que a irrupción das novas tecnoloxías da información e a comunicación nos presentan.

Dando cumprimento á actual normativa, redactamos pois o noso Proxecto Lector con intención dinamizadora e coordinadora entre todo o profesorado e buscando a implicación de toda a comunidade educativa, sobre todo das familias do alumnado, de cara a conseguir lectores competentes no contexto dunha formación permanente.

Normativa:

LOE: reforzar a lectura

- Artigos 19.2/24.7/25.5 (Primaria/Secundaria):
  - *Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa,* ***a comprensión lectora, a expresión oral e escrita****, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores* ***traballaranse en todas as áreas****.*

- Educación secundaria.
  1. Artigo 26.2: ***A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.***

- Decreto133/2007,do 5 de xullo: regula as ensinanzas de educación secundaria en Galicia.

  Decreto de Secundaria:
  - Artigo 5º
    - 5. *A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa,* ***de acordo co proxecto lector do centro****.*

  - Anexo V Proxecto lector de centro

(DIARIO OFICIAL DE GALICIA Nº 136 _ Venres, 13 de xullo de 2007)

ANEXO V

Proxecto lector de centro.

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.
*O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluirán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar. Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar **decisións consensuadas que permitan**:*

** A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.*
** A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.*
** A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.*
** O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.*
** O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.*

Fundamentos.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos
específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles. A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

Ensinaranse estratexias de comprensión lectora. O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluirá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Seguimento e avaliación.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Análise da situación da lectura e da escritura no centro

Os alumnos e alumnas poñen en práctica as súas capacidades lectoras e escritoras en tódalas materias pero, dun xeito especial, nas que están destinadas á potenciación das estratexias de comprensión e expresión tanto oral como escrita nas diferentes linguas que se imparten no centro: Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Inglesa e Lingua Francesa. As dúas primeiras teñen a particularidade ou vantaxe de que son as que mellor coñecen os/as alumnos/as posto que son as súas linguas maternas. Pero aínda así, o bo manexo das mesmas require de moita práctica e dedicación non só durante o tempo que pasan no centro senón tamén, e sobre todo, no seu tempo libre e, dun xeito constante e reiterado, ó longo da súa vida.

Análise contextual??

Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.

Na materia de Lingua e Literatura Castelá, xunto coa de Lingua e Literatura Galega, forman parte do temario os tipos de textos e os diferentes xéneros e subxéneros literarios. Non só se explica as súas características senón que tamén se insiste no manexo ou coñecemento dos mesmos a través da súa práctica e a realización de composicións durante o tempo de clase que logo son corrixidas polo/a profesor/a. O alumnado ten que producir ó menos un texto de cada tipo ó longo do curso. Dende textos de carácter literario (narrativos, descritivos ou dialogados) como contos ou poemas ata textos argumentativos, expositivos ou descritivos. Coa súa lectura en voz alta ante tódolos/as compañeiros/as da clase tentamos incidir nun mellor manexo da lingua oral vocalizando e xesticulando adecuadamente.
Os textos periodísticos como a reportaxe ou a noticia tamén teñen a súa presenza dentro das actividades dedicadas á compresión e expresión escrita. O interesante e motivador disto último é que tal traballo toma a forma tanxible grazas á publicación dun xornal na rede baixo o nome do concurso O País dos Estudantes. Ademais, se poñen unha serie de lecturas obrigatorias e optativas que tentan conectar cos intereses dos/das adolescentes ó longo do curso sobre as que teñen que facer un estudo ou exame.

A grande maioría do alumnado le e escribe **obrigadamente**. Isto dáse diariamente nas tarefas que teñen que realizar tanto na aula como na casa para estudiar ou facer exercicios:

- *A actividade máis frecuente por parte do alumnado é a lectura do libro de texto para estudiar nas distintas materias, ben por medio de esquemas, ben por medio de resumos ou preguntas sobre o texto para a comprensión do mesmo e posterior asimilación.*
- *Nalgunhas materias nas que teñen que facer traballos ou no PROXINTER de 1º de ESO, é obrigada a busca da información, selección, comprensión e resume da mesma.*
- *Un dos exercicios máis frecuente nos libros de texto é o de bateria de preguntas sobre o lido para fixar os conceptos máis importantes da unidade ou a interpretación de textos, gráficos ou mesmo debuxos.*

- Identificación de logros e dificultades.

A dificultade máis importante é a **falta de comprensión**, e derivado disto na escritura é a falta de coherencia e cohesión. (atópanse casos en que a caligrafía é moi deficiente).
Unha desvantaxe ou pexa importante é que moitos alumnos non contan con libros nas súas casas e non teñen hábito lector.
O logro máis destacado é a actitude positiva para ler.

Un logro importante é o feito de que un/unha rapaz/rapaza lea un libro ou escriba calquera tipo de texto. Unha seria dificultade atópase no feito de que moitos/as deles/as se pechan en banda a ler. Por este motivo, dende o Departamento de Lingua Castelá téntase que as lecturas "obrigatorias" sexan nalgunha medida algo flexibles, adaptado aos seus gustos e niveles de comprensión. Por este motivo non sempre son escollidos textos clásicos como O Quixote posto que consideramos que son lecturas para estudos máis especializados no ámbito da literatura. *O mesmo ocorre no departamento de Lingua Galega onde se ofertan listaxes de libros (itinerarios lectores) de distinto xénero (policiaco, terror, adolescencia, amor, cómic, relatos...) e que cada alumno/a escolla o que más se adapte ao seu gusto e déixanse as lecturas máis dificultosas para abordalas na aula.*

As maiores dificultades atópanse na expresión e comprensión escrita. Así, na expresión escrita atopamos faltas de ortografía de todo tipo, erros de concordancia co suxeito da oración, interferencias lingüísticas de outras linguas, redundancias, erros de puntuación, sintaxe na que predomina a oración simple ou coordinadas copulativas con "y"... etc
Os problemas de comprensión relaciónanse principalmente con tres factores:

• a falta de interese, atención ou concentración
• a carencia de vocabulario por un escaso ou nulo hábito lector
• as dificultades de aprendizaxe propias dalgúns rapaces e rapazas

Neste senso cómpre resaltar a importancia do labor conxunto de todo o profesorado de todas as materias para corrixir este tipo de faltas, pois a corrección lingüística non é só cuestión do profesorado de lingua, senón de todas as materias.

- Análise das metodoloxías empregadas.

Lectura libre e individual.
Lectura colectiva e en grande grupo.

As metodoloxías empregadas caracterízanse pola súa variedade e multiplicidade. Dous factores esenciais son: o labor do/da propio/a alumno/a, a súa dedicación, que pode ser inexistente ou constante, e a súa capacidade, que varía en gran medida duns/dunhas alumnos/a a outros/as *e do labor previo que se faga nas súas casas.*. O labor do/a docente é a dun/dunha guía que se pode seguir ou non. De aí os diferentes resultados entre o alumnado cun nivel de expresión e comprensión moi superior á media e o que non chega nin ó mínimo. A lectura non só realizada dun xeito colectivo na clase senón persoal no seu tempo libre é a estratexia principal para mellorar non só a comprensión senón a expresión escrita.
Moitas veces na aula de lingua non chega o tempo para poder dedicalo a todo o alumnado e por iso a Hora Lecthora é de vital importancia como complemento ao que

non se pode facer na aula de lingua, ademais de desestigmatizar a lectura como algo obrigado, e polo tanto que produce fastío na aula de lingua.

- Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

BIBLIOTECA:

Espazo e mobiliario

A biblioteca ocupa un espazo na planta baixa adicado exclusivamente a ese uso. Ten arredor dos 65 m^2 e está dotado con mesas e cadeiras específicas con capacidade para 48 persoas sentadas. Conta cun punto de lectura informal con dous sofás e unha mesa baixa con prensa, revistas etc.
O mobiliario compleméntase con 43 andeis, que empezan a resultar insuficientes para albergar con criterio e comodidade o número de fondos que posuímos e que se incrementa continuamente.

- Puntos informáticos

Contamos con catro puntos informáticos para uso do alumnado, conectados en rede con acceso a Internet e co servizo centralizado de impresión e escaneado, ademais dun punto informático adicado fundamentalmente á xestión da biblioteca con pantalla auxiliar ao exterior.

- Fondos e clasificación

O número actual de fondos fichados e informatizados é de 6600 en diversos formatos: libro, revista, banda deseñada, CD, DVD, CD-ROM, cinta de vídeo, etc...
Os libros e outros materiais da biblioteca están organizados segundo a adaptación da CDU (Clasificación Decimal Universal) para as bibliotecas escolares galegas. A clasificación e préstamo de fondos realízase mediante a aplicación informática do Programa Meiga da Consellería de Cultura, o que nos permite consultar os fondos desde a nosa casa, reservar os libros de préstamo, ou participar nos foros que a páxina web do programa nos oferta.

Recursos humanos:

Existe un profesor encargado de biblioteca que coordina ao mesmo tempo o Proxecto Lector e os Plans anuais de Lectura con dedicación horaria reducida e insuficiente. Conta coa colaboración do equipo de apoio á biblioteca. Durante os recreos hai un profesor específico de garda na biblioteca.

OUTROS RECURSOS:

- no centro: radio, TIC´s, páxina web e aula virtual.
- no entorno: biblioteca municipal, centro neural de Gondomar, espazo lectura e outras bibliotecas doutros centros educativos. *Temos que puntualizar que todas estes recursos non poden ser utilizados polo noso alumnado que vive non entorno rural, afastado do centro urbano e con poucas posibilidades de facer uso deles.*

- Necesidades de formación do profesorado neste ámbito:
    - precisamos formación básica para todo o profesorado e específica para o encargado da biblioteca e profesorado do equipo de apoio á biblioteca.
    - necesidades de formación en relación ás TIC´s.

• Obxectivos, fundamentos e organización:

- OBXECTIVOS:

- Desenvolver a competencia lectora.
- Favorecer a competencia literaria.
- Formar usuarios competentes na busca e tratamento da información.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas, en especial: comunicación lingüística, tratamento da información e a competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

- FUNDAMENTOS:

A *literacidade*, a *competencia lectora* e a *competencia literaria* son características dos lectores competentes na sociedade da información, capaces de abordar a lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.

- LITERACIDADE: No entorno da nova cultura dixital é imprescindible, que cada un dos usuarios empregue unha perspectiva de lectura crítica, para saber diferenciar o ouro da palla e non quedar asolagados polo ruído enxordecedor emitido pola selva electrónica. Sempre é imprescindible ler con perspectiva crítica (tamén nos medios analóxicos impresos), pero moito máis o é manexando unha biblioteca electrónica tan enorme como Internet onde non existe o aval que realiza o editor analóxico dos textos publicados.

A capacidade de buscar, atopar, avaliar e manexar datos en Internet (o que Cassany denomina literacidade informativa) é unha das habilidades máis transcendentais que esixe este novo modelo de comunicación electrónico. De moi pouco servirían os custosos investimentos de conectar todas as escolas e os fogares do país á Rede, se logo os escolares ou os cidadáns non saben atopar os vieiros para orientarse nesa selva tan espesa. Non se pode tratar a información das webs, blogs ou foros coma se fosen libros, revistas ou cartas, sen ter en conta que na Rede non existe o mesmo control que nas publicacións analóxicas impresas.
Ler neste novo entorno electrónico require tomar moitas máis decisións (desde que motor de busca empregar a diferenciar o tipo de enlaces entre os publicitarios e os hipertextuais…) ca nos soportes analóxicos, razón pola que é imprescindible unha formación máis madura e profunda para poder facelo con independencia e racionalidade. Ler na Rede semella un proceso doado mais esixe dominar técnicas lectoras, informáticas e documentalistas: acertar coas palabras clave de busca, empregar as utilidades dos buscadores, interpretar os valores das iconas, identificar webs enganosas ou identidades falsas, determinar a autoría dos textos, analizar a fiabilidade, credibilidade e

actualidade do contido… Ler neste novo entorno de comunicación, como sinala Cassany, non é só comprender as liñas ou o que hai detrás (como sucede no analóxico), senón tamén navegar, atopar, e avaliar un avultado número de textos (o que require de moito tempo e paciencia) para, finalmente, enfrontarse, se hai sorte, coa información procurada nun sitio electrónico que consideramos crible, fiable e competente. En definitiva, ler neste novo entorno require lectores mellor formados e máis críticos, o que supón un reto moi complexo de alfabetización e formación electrónica para os actuais sistemas educativos.

- COMPETENCIA LECTORA: Considera a medición en tres dominios ou aspectos que é necesario dominar para comprender adecuadamente o que se le. Estes dominios son:

  - obtención de información.
  - interpretación e reflexión.
  - avaliación.

- COMPETENCIA LITERARIA: Inclúe as habilidades propias da comprensión lectora, pero vai máis lonxe. Esta ampliación vén dada pola mesma especificidade dos textos literarios e pola relación obra-lector, que representa un grado máis elevado de implicación do receptor. (Daniel Cassany).

- ORGANIZACIÓN:

- **Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.**

Consideramos que as prácticas lectoras e escritoras do alumnado desenvólvense en cinco grandes espazos, que moitas veces levan asociados os seus tempos correspondentes:

- a biblioteca escolar.
- a aula.
- a biblioteca familiar.
- os recursos do entorno.
- o ciberespacio.

Dinamizar estes espazos e tempos coa implicación nesa dinamización de toda a comunidade educativa, con especial atención ao alumnado e as súas familias, será determinante na consecución dos obxectivos do Proxecto Lector.

Biblioteca Escolar: como recurso imprescindible factor de compensación social, *en especial co tipo de alumnado do noso instituto de procedencia rural*, e centro de todo o proxecto.

Organización

O equipo de biblioteca (formado voluntariamente polo profesorado que desexe participar) está coordinado por un responsable que é o coordinador da biblioteca e que ten como funcións: xestionar a adquisición dos novos fondos bibliográficos e multimedia, xestionar o orzamento asignado anualmente para a biblioteca, realizar o rexistro dos novos fondos e manter ao día a base

de datos e coordinar as actividades de dinamización da biblioteca e de fomento da lectura propostas polo equipo da biblioteca e aprobadas no Plan Anual de Lectura. Para o anterior, o coordinador conta cunha adicación horaria exclusiva dun mínimo de 4 sesións semanais exclusiva, descarga que será aumentada ao máximo posible de acordo coa dispoñibilidade horaria de cada curso escolar.

Na medida en que os horarios o permitan, o profesorado responsable de realizar as gardas de biblioteca durante os recreos para o rexistro de préstamo e devolución de libros de lectura, pertencerá ao equipo de biblioteca.
Como mínimo realízase unha reunión mensual onde se acordan e aproban todas as decisións que teñan que ver coa biblioteca (actividades, selección e adquisición de materiais...).

Funcionamento

O horario de apertura é de 9.30 h. a 15.00 h. de luns a venres e as tardes do luns e o martes de 17 h. a 19:30 h. : o total do horario lectivo.

Ademais abrirase a biblioteca en calquera outro horario que a realización de actividades como xornadas de portas abertas, visitas de autores, etc así o precisen.

Dentro do horario escolar ordinario, distinguimos entre:

Horario flexible: en xeral está a disposición de todo grupo que, acompañado de profesorado, desexe desenvolver alí as actividades docentes: lectura, consultas, traballos, acceso ás TIC, educación documental, formación de usuarios, etc. Para organizar este modelo contamos cun cadro de reserva do espazo.

Horarios fixos: determinación de horario para algúns grupos e materias (por exemplo proxecto interdisciplinar) durante todo o curso.

Normas de funcionamento.

Normas para o correcto uso: Ademais das normas xerais de convivencia e comportamento no Centro, debemos contemplar na biblioteca as seguintes:

Non se permite ó acceso á biblioteca con ningún tipo de comida nin bebida.
Para poder divertirse, traballar e ler na biblioteca, debemos gardar un rigoroso silencio.
O mobiliario que usemos (sobre todo as cadeiras) debemos deixalo igual que o atopamos.
O noso transitar pola biblioteca será sempre ordenado, silencioso e tranquilo, respectando as lecturas e consultas dos demais e agardando pacientemente si é necesario.
O uso dos libros será sempre correcto, poñendo en coñecemento do profesor/a bibliotecario calquera deterioro detectado.

Utilización:

- Durante os recreos, o acceso á biblioteca será libre, sempre que se respecten as normas que rexen dentro dela. Poderanse usar os servizos de consulta, lectura, préstamo e devolución de libros.
- Como norma xeral, unicamente se poderán levar para casa polo período correspondente as obras

literarias.

Préstamo:

- Prestaranse unicamente libros de lectura (obras literarias).
- *O alumnado accederá ós libros a través do profesorado correspondente.???*
- O prazo de préstamo será de 15 días prorrogables.
- Prestarase un máximo de dous libros ao mesmo tempo.
- O atraso na devolución dun libro será posto en coñecemento do prestatario/a, a fin de que corrixa de inmediato a situación.
- O atraso de 10 días ou mais na devolución do libro, considerarase como extravío do mesmo e actuarase do mesmo xeito.
- En caso de extravío do libro ou deterioro grave do mesmo, o prestatario/a deberá adquirir outro igual para reincorporalo á biblioteca ou abonar o importe actualizado do mesmo.

Consultas e lecturas:

- *Para as consultas e lecturas de libros que estean nos armarios o alumnado dirixirase o profesor/a bibliotecario, que como no caso dos préstamos lle facilitará o acceso e a posterior devolución.????*
- Para outros fondos (periódicos, revistas,...) o alumnado poderá autoservirse sempre que deixe os materiais do mesmo xeito que os atopou.

Normas para o uso de equipos informáticos e de impresión:???

- *Os equipos informáticos da biblioteca poderán ser utilizados unicamente con fins educativos.*
- *Os equipos non poderán ser modificados. Non se permiten:*

  - *modificacións da aparencia e configuración do escritorio.*
  - *modificacións de programas.*
  - *gardar arquivos e programas nos discos internos dos equipos.*

- *Para descargas autorizadas e para gardar as producións propias, utilizarase un pen drive persoal.*
- *Utilizaremos os pen´s drive coa hixiene adecuada para evitar a propagación de virus.*
- *Previa autorización do profesorado encargado, poderanse facer uso do servizo de impresión, abonando o importe correspondente.*
- *O último usuario deberá deixar o equipo debidamente apagado.*

A aula

A aula, entendida como tal o espazo que un grupo clase utiliza para o desenvolvemento das súas actividades (aula habitual ou aula-materia). É o espazo onde o alumnado adica *a meirande parte d*o tempo a tarefas educativas e onde se dá por excelencia a interacción co seu grupo-clase que forma a comunidade lectora propia de gran importancia no desenvolvemento lector das persoas, *aínda que na banda de idade do noso alumnado a lectura interactiva e en alto resulta máis dificultosa pola vergoña que lles produce o "que dirán" e por iso a corrección é unha tarefa delicada neste proceso.*

Durante todo o tempo do horario escolar o alumnado está nunha aula realizando as actividades que lle son propias e aí será onde realizará a maior parte das tarefas especialmente deseñadas para o desenvolvemento da súa competencia lectora e literaria: hora *lecthora*, actividades de ensinanza de estratexias de comprensión lectora, actividades de ensino-aprendizaxe,...

Os recursos documentais da aula poden e deben ser importantes:

- Libros de texto.
- Manuais e outros recursos impresos como carteis ou mapas.
- Recursos audiovisuais.
- Recursos TIC´s.
- Biblioteca de aula.

Recursos culturais do entorno. Biblioteca pública.

O contorno ofrécenos recursos para apoiar o PL fóra do horario escolar tanto en tempos adicados ao estudio ou realización de tarefas escolares como naqueles, non menos importantes, destinados ao lecer. Os espazos máis significativos son:

- Biblioteca municipal.
- Centro neural.
- Espazo lectura.
- Librerías.
- Cafés.????
- IEM.
- Outras bibliotecas doutros centros de ensino.

Aínda que xa comentamos que estes recursos son infrautilizados polo noso alumnado pola distancia dos seus fogares e as dificultades de transporte para desprazarse a eles.

Biblioteca Persoal (Familia)

No espazo familiar é onde estamos máis tempo e onde tomamos os primeiros contactos e experiencias en relación á lectura: vendo ler, escoitando un conto pola noite ou as primeiras lecturas de imaxes.

Entendemos aquí como biblioteca persoal ou familiar todos aqueles recursos e o ambiente creado en torno a eles que pode haber nas casas, dende a biblioteca xenérica dunha familia ata a biblioteca persoal que cada alumno se vai facendo, pasando pola presenza ou non doutros recursos documentais (conexión a internet,...)

O espazo familiar é moi importante no desenvolvemento de lectores competentes. Será pois moi importante contar coa colaboración e implicación das familias.

Ciberespacio

É hoxe especialmente atractiva a integración das múltiples posibilidades de interacción que ofrece o ciberespacio para favorecer a lectura e a escritura. Por outra banda, hai que ter en conta que cada vez con maior intensidade crece unha rede social no ciberespacio que ten a virtualidade de integrar moitas das manifestacións e posibilidades dos actos de lectura e escritura. Será pois importante saber manexarse tamén aquí con competencia, seguridade e responsabilidade.

- **<u>Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.</u>**

- A coordinación do proxecto farase a través do Equipo de apoio á Biblioteca.
- As accións concretas do proxecto lector para cada curso, conformarán o Plan anual de lectura, en cuxa elaboración participará todo o profesorado a través dos departamentos didácticos, da CCP (Na que debe ? estar o coordinador do equipo de apoio á biblioteca) e do Claustro.
- O Plan anual de lectura formará parte da Programación Xeral Anual, e as súas actividades veranse reflectidas nas correspondentes programacións docentes dos departamentos.

- **Modo de difusión e apoios necesarios.**

- O Proxecto lector incorporarase ao PEC, formando parte así dos sinais de identidade que definen ao Centro, e polo tanto debe ser difundido e explicado a tódolos membros da comunidade educativa.
- O proxecto e tódalas accións relacionadas co seu desenvolvemento terán cumprida presencia dentro do espazo de biblioteca da páxina web do centro.
- O Profesorado elabora o proxecto lector e os plans anuais de lectura. Pon en práctica o proxecto e o difunde mediante o seu labor docente entre o alumnado, (clases e titorías) e entre as familias (entrevistas, reunións,...)
- Alumnado: Informaráselles ao principio de cada curso a través da titoría das liñas xerais do proxecto, e as actuacións máis relevantes (organización da biblioteca, hora lecthora,...). No labor de difusión do Proxecto e as súas actuacións terá un lugar destacado o alumnado que forme parte do club de lectura.
- Familias: Reciben información do Proxecto a través das canles habituais: titorías, entrevistas, reunións de principio de curso, trípticos, páxina web, etc. Especialmente importante resultará o seu labor de apoio ao proxecto, creando na casa e no contorno familiar ambientes lectores que impulsen tamén dende alí o progreso do Proxecto Lector *tamén creando actividades que impliquen ás familias.*

Intervencións precisas:

- Campañas de animación á lectura.
- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.
- Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.
- Actividades de educación documental (educación en información). Integración das TIC.
- Implicación das familias e do entorno: uso dos recursos do entorno: outras bibliotecas, accesos a internet, Espazo Lectura,...
- Actividades de formación de usuarios.

- Xornadas de portas abertas.
- Actividades de formación de usuarios e educación documental para as familias.
- Club de lectura (A Cova da Moura).
- Radio escolar: edición de programas.
- Aula Virtual.
- Actividades propias dos departamentos de lingua galega e castelá e linguas estranxeiras: lecturas recomendadas e/ou obrigadas, concursos literarios,etc.
- Colecciónes de libros e recursos especialmente seleccionados para apoiar o PL.
- LECTHORA. (hora semanal común de lectura en todo o centro). Cada semana, todo o Instituto lería un mesmo día á mesma hora. Empezamos un luns a primeira hora, á semana seguinte leríamos na segunda hora; na seguinte na terceira, e así sucesivamente.

  Como o curso ten tantas semanas, aproximadamente, como horas o horario do alumnado, resulta que, ó rematar o curso, teríamos dado unha volta completa aos seus horarios (e aos nosos). Iso supón que cada curso dedicaría a LECTHORA as mesmas horas por materia que lle correspondan no horario semanal.
  Trátase en definitiva de que unha hora á semana e ó mesmo tempo, todo o instituto lea, desenvolvendo a ensinanza de estratexias de comprensión lectora e fomentando os hábitos de lectura con actividades atractivas e lúdicas relacionadas coa materia correspondente.

Criterios e procedementos de avaliación:

As necesidades de avaliación non deben separarnos dos obxectivos fundamentais do Proxecto. Á hora de avaliar, o propósito principal é a formación de lectores-escritores competentes.

Para a avaliación do Proxecto Lector elaboraranse ferramentas que permitan detectar a incidencia das intervencións acometidas co alumnado, o profesorado e a comunidade educativa. Toda información tanto de carácter cuantitativo como cualitativo será rexistrada. A variedade en instrumentos e fontes de información consultadas ha de ser premisa fundamental da avaliación do PL. Non debe desdeñarse a ningún sector implicado á hora de consultar e recoller datos.

Neste proceso continuo e actualizado de avaliación interésanos a análise das situacións de partida do **alumnado**: (prácticas de lectura, experiencias lectoras e escritoras, posibilidades de acceso aos libros, relacións cos libros, ambientes e climas nos que o libro está ou non presente, uso, frecuencia de acceso e contidos máis utilizados da Internet...), do **profesorado** (coñecemento de Literatura Infantil e Xuvenil e de libros informativos e documentais para todos os niveis, de estratexias de comprensión lectora e de fomento da lectura/escritura, de actividades para a elaboración de traballos de investigación e documentación, dos recursos idóneos para apoiar a acción mediadora...), **dos sectores implicados e do contexto de traballo** (dispoñibilidade dos pais e nais, espazos, bibliotecas, librerías, persoas coas que contar, administracións de apoio, información...).

A avaliación do PL debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións e valoracións a través de entrevistas, enquisas, reunións, etc. Por outra banda, non ten sentido a avaliación do PL descontextualizada do resto dos elementos do proxecto educativo do centro.

Indicadores, criterios e procedementos

Ao longo do curso o coordinador da biblioteca xunto co equipo de apoio á biblioteca e a Comisión de Coordinación Pedagóxica , debe dispoñer duns indicadores, criterios ou referencias que lles permitan coñecer a calidade dos traballos e a eficacia das accións así como aqueles aspectos relacionados con todos os axentes e elementos que configuran o proxecto.

Os indicadores podemos clasificalos da seguinte maneira:

- **Indicadores de contexto:** atenden aos factores previos do Proxecto Lector: o noso punto de partida.

- **Indicadores de proceso:** indican a eficacia do Proxecto en términos cualitativos: grao de organización, nivel de coordinación, adecuación de medios a actividades,...

- **Indicadores de produto:** calculan a eficacia do proxecto en términos cuantitativos: cantidade de actividades realizadas, número de participantes en cada actividade,...

- **Indicadores de impacto:** miden os efectos ou a repercusión do Proxecto.

Sen esquecer que as accións principais do proxecto lector lévanse a cabo no ámbito da aula, atenderemos tamén aquí aquelas que se desenvolven nos distintos espazos e ambientes de lectura e escritura que definimos na organización.

Biblioteca Escolar

É un espazo que permite unha dobre utilización como lugar de lecturas compartidas e libres, dirixidas e autodirixidas, que favorece a educación lectora e a afección pola lectura, contribuíndo á creación da comunidade lectora do instituto. A biblioteca, a través de anuncios nos taboleiros, comunicados, guías, boletíns, sección na páxina web do centro, fornece información á comunidade respecto ao desenvolvemento de actividades lectoras e escritoras e pon en marcha vías de difusión para o coñecemento das producións escritas e das actividades conxuntas realizadas polo alumnado.

- Criterio 1: Reforzar a biblioteca como centro de documentación do Instituto, integrando paulatinamente todos os fondos e recursos documentais do centro nela e promovendo os distintos usos entre o alumnado e o profesorado. Concibir a biblioteca como un recurso útil na busca e tratamento da información.
  - Procedementos:
    1. Contabilización do número de visitas á biblioteca por parte dos grupos-clase en horario lectivo e tipo de servizos que utilizan.
    2. Frecuencia de uso por parte do profesorado á hora de buscar información e documentación para o desenvolvemento do seu traballo e tipo de servizos que utilizan.
    3. Frecuencia de uso por parte do alumnado á hora de buscar información e documentación para

o desenvolvemento dos seus traballos e proxectos.

4. Contabilizar o número de visitas á biblioteca na hora do recreo por parte do alumnado e servizos e tipo de libros máis solicitados.
5. Verificación do óptimo funcionamento dos equipos informáticos.

■ Criterio 2: Espertar o interese pola lectura e promover hábitos, capacidades e habilidades lectoras no alumnado.

- Procedementos:

1. Contabilizar o número de préstamos realizado. Comparación con outros anos académicos.
2. Valoración das campañas de animación á lectura mediante instrumentos axeitados a cada unha delas.
3. Contabilización do número de visitas á biblioteca para lectura informal.
4. A circulación de libros e recursos da colección, seleccionada para apoiar ao PL.

■ Criterio 3: Manter actualizada a clasificación de todos os fondos.

- Procedementos:

1. Constatación do número de fondos clasificado.
2. Rexistro de fondos sen clasificar e valoración das causas que orixinan tal situación.

■ Criterio 4: Formar, entre o alumnado e o profesorado, usuarios competentes con habilidades suficientes na procura e tratamento da información e documentación.

- Procedementos:

1. Contabilizar o número de sesións de educación documental para cada grupo-clase.
2. Valoración das sesións de educación documental.
3. Grao de autonomía do alumnado na procura de fondos, información e documentación.

Recursos documentais situados na aula. A comunidade lectora e escritora da aula.

■ Criterio 1: crear e utilizar seccións documentais específicas para a implementación máis directa do proxecto lector.

- Procedementos:

1. Valoración da selección de lecturas en función do PL e os contidos das materias e ámbitos.
2. Valoración das tarefas de formación lectora.
3. Valoración das tarefas de lectura e escritura para aprender.
4. Contabilización do número de horas *Lecthora* realizadas.

■ Criterio 2: Utilizar tódolos recursos documentais que ofrecen as aulas para mellorar a competencia na elaboración de proxectos documentais interdisciplinarios.

- Procedementos:

1. Valoración do grao de utilización dos recursos documentais das aulas (bibliotecas de aula, libros de texto,...)

Biblioteca Persoal (Familia)

■ Criterio 1: Implicar ás familias no desenvolvemento do proxecto lector.

- Procedementos:
  1. Cantidade e calidade das informacións dadas ás familias sobre o PL a través de entrevistas, reunións,...
  2. Contabilización do número de actividades realizadas especificamente para as familias en relación ao desenvolvemento do PL.
  3. Contabilización do número de asistentes ás actividades realizadas especificamente para as familias en relación ao desenvolvemento do PL.
  4. Valoración do grao de implicación das familias como axentes dinamizadores dos propios fillos e doutros pais e nais.
  5. Valoración da competencia lectora das familias.

■ Criterio 2: coñecer as condicións familiares en canto a libros e outros recursos documentais.

- Procedementos:
  1. Contabilización do número de libros da biblioteca familiar.
  2. Contabilización do número de libros da biblioteca persoal do alumno/a.
  3. Contabilización doutros recursos documentais: conexión a Internet, películas,...

Biblioteca Pública e outros recursos do contorno.

■ Criterio 1: coñecer e utilizar a biblioteca municipal e outros recursos do contorno.

- Procedementos:
  1. Contabilización do número de visitas á biblioteca municipal, ao centro neural e a Espazo Lectura do alumnado e as familias do centro.
  2. Valoración do número de actividades promovidas dende a biblioteca municipal, o centro neural e Espazo Lectura.
  3. Contabilización da participación do alumnado e as familias nas actividades desenvolvidas por estas entidades.

Ciberespacio

Criterio 1: Manexarse con soltura no ciberespacio. Saber buscar e utilizar catálogos virtuais, bibliotecas virtuais e libros en formato electrónico.

- Procedementos:
  1. Contabilizar o número de bibliotecas e catálogos que o alumnado manexa.
  2. Contabilizar o número de entradas nestes espazos virtuais.
  3. Valorar a habilidade na procura da información.

Criterio 2: Participar en redes sociais onde necesariamente están presentes moitas manifestacións dos actos de lectura e escritura.

- Procedementos:
  1. Contabilizar o número de redes sociais que se utilizan.
  2. Contabilizar o número de entradas nestas redes.
  3. Valorar a habilidade na interacción nestas redes.

Criterio 3: Acceder ao ciberespacio de xeito seguro e respectando os dereitos dos demais.

- Procedementos:

1. Valorar en que medida se utilizan os elementos básicos de seguridade: antivirus, claves, identificacións,...
2. Valorar o nivel de respecto polos demais e os seus dereitos no uso das redes sociais.

Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos de avaliación serán variados.

Por un lado utilizaremos probas estandarizadas de diagnóstico onde o rendemento do noso alumnado se vexa reflectido, e nos aporte unha visión precisa do progreso xeral.
Ademais das probas que se determinen en cada caso nos correspondentes plans anuais de lectura, serán de utilidade os resultados obtidos polos grupos correspondentes do noso alumnado nas probas de *avaliación diagnóstica ???* sobre todo as referidas á valoración da competencia en comunicación lingüística.

Por outra banda utilizaremos os instrumentos propios de avaliación de proxectos adaptados á nosa realidade e elaborados especificamente (enquisas, cuestionarios, observacións,...), glosando toda a información a través da memorias e informes correspondentes que, en base ao establecido nos Plans anuais de Lectura, elaboren o coordinador do Proxecto, o equipo de apoio á biblioteca e o claustro de profesores e que formarán parte da memoria final de curso.

ANEXO:

Plan Anual de Lectura

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do proxecto lector de centro.

Inclúese na Programación Xeral Anual.

Pode recoller, entre outros aspectos:

- ✓ Obxectivos. Fundamentación.
- ✓ Organización de **espazos e tempos** para a lectura.
- ✓ Dinamización da **biblioteca escolar**. Seccións (bibliotecas de aula ou departamento).
- ✓ **Rutinas de lectura**. Actividades sistemáticas.
- ✓ Actividades na hora da biblioteca ou na *Hora de ler.*
- ✓ **Recursos humanos** que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
- ✓ Itinerarios lectores.

- ✓ Actividades programadas e temporizadas.
- ✓ Campañas de lectura.
- ✓ Proxectos documentais integrados.
- ✓ **Actividades puntuais**: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro Infantil, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da prensa, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente…)
- ✓ Recursos e materiais
- ✓ *Ler en familia.* Actividades para a implicación das familias.
- ✓ Seguimento e **avaliación**